

PREGUNTA DE AER SOBRE O CONTADOR DA EDAR DE TEIS

PLENO 30 OUTUBRO 2014. ACTA 15/2014

Hai tempo xa, en resposta a un rexistro presentado por AER respecto dos consumos que se abonan pola EDAR de Teis, respondéronnos que existía contador. Recibida dita resposta, solicitamos mediante rexistro as lecturas feitas. De dito rexistro, a pesares de ter pasado xa bastante tempo non temos resposta algunha. Tendo en conta que no estado de execución do orzamento de 2014 emitido por intervención con data de 30 /09 / 2014 constan uns gastos de: N 1611A.22700. Mantemento depuradora Chapela: PAGADO: 114.515,10€

PREGUNTAMOS:

Poderemos contar “XA” coas lecturas dese contador ? Pedimos, ademais, que nos confirmara se algún responsable/técnico municipal comproba ditas lecturas E CON QUE PERIODICIDADE SE FAI.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que xa hai lecturas mensuais do contador, que non as fan os técnicos municipais e que entregarán na seguinte comisión de servizos privatizados os resultados.